

Algunhas informacións que poden ser de interese para o alumnado de ciclos.

Solicitar Matrícula Simultánea.- Dende o 25 ao 28 de setembro.

Se xa estás matriculado nun ciclo formativo, en bacharelato ou na ESO sempre que haxa prazas, (rematado o período de admisión e sen lista de espera e que exista compatibilidade horaria nun 90% como mínimo), podes solicitar matrícula simultánea noutro ciclo formativo, no bacharelato ou na ESO.

No caso de que unicamente che quedara pendente a FCT e/ou o módulo do proxecto poderás solicitala en calquera momento do curso.

Se cha conceden poderás formalizar a segunda matrícula desde o 1 de outubro ata o 5 de outubro.

A normativa reguladora: art. 6 da Orde de 12 de xullo de 2011 e art quinto da Resolución do 30 de xullo de 2012 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos para o curso 2012/13.

Anular a Matrícula.-

Unha semana antes de que remate o período de matrícula poderás solicitar a anulación da mesma de xeito voluntario. Deste xeito a praza vacante será cuberta polo alumnado en lista de espera e non se esgotarán as convocatorias.

De tódolos xeitos se durante os cinco primeiros días lectivos se observa que non asistes o centro farache un requirimento por escrito para que te incorpores nun prazo máximo de tres días e de non facelo procederase a anular a túa matrícula de oficio.

Validar módulos.-

Unha vez matriculado/a no ciclo podes solicitar a validación de módulos superados anteriormente noutro ciclo formativo cursado pola LOXSE ou LOE. Dirixirás a solicitude á Dirección do centro quen deberá resolver atendendo aos anexos correspondentes ao título.No caso dos módulos de FOL e Iniciativa Emprendedora superados nun ciclo LOE, tanto da que sexa dun ciclo medio ou superior, serán validados en calquera outro ciclo regulado pola mesma lei. Pero os superados baixo un ciclo LOXSE non se poden validar nun ciclo LOE.

Este procedemento está regulado no art cuarto da Resolución do 30 de xullo de 2012

Baixa de oficio

O centro darate de baixa do ciclo formativo cando aprecie que faltas 15 días consecutivos ou 25 días discontinuos de maneira inxustificada.

Regulado no artigo segundo da orde de 30 de xullo de 2012.

Perda do dereito de avaliación continua.

Cando teñas faltas de asistencia nun módulo que supoñan o 6% da carga horaria do mesmo recibirás un apercibimento por escrito coa posibilidade da perda do dereito de avaliación continua. Se continúas faltando, cando as faltas de asistencia supoñan o 10% da carga horaria do módulo comunicaráseche a perda do dereito de avaliación continua.

Isto suporá que conservas unicamente o dereito a un exame final extraordinario, pero non ás actividades de recuperación que se poidan establecer para os alumnos suspensos ao longo do curso.

Regulado no art terceiro da Resolución do 30 de Xullo de 2012

Renuncia á matrícula

Ten por obxecto non esgotar a convocatoria.

Ten que ser por algunha das tres causas xustificativas establecidas (doenza prolongada do alumno/a ou dun familiar ata 2º grao, contrato de traballo de duración superior a dous meses e incompatible co horario do ciclo ou ben por obrigas de tipo familiar ou persoal) e acreditada documentalmente.

O prazo para renunciar terá como límite os dous meses antes da avaliación final de módulos ou da data de inicio da FCT se se trata deste módulo.

Regulado no art 7 e seguintes da orde de 12 de xullo de 2011

Para máis información non está de máis que utilices os seguintes enderezos:

www.edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro É a nosa páxina na que tentaremos poñerte ao día das novas que che poidan interesar. Por exemplo; becas e axudas.

www.edu.xunta.es/fp É a páxina da Consellería de educación que se ocupa de todos os temas relativos á FP. Alí atoparás información sobre as probas de acceso a ciclos superiores (no caso de que sexas alumno do ciclo medio), incluso con modelos de probas, acreditación de competencias, normativa reguladora, currículos, programas europeos, etc.

Por último, o teu titor/a, profesores, orientadora e equipo directivo tentaremos axudarche nas dúbidas que nos prantexes.